



SESIÓN ORDINARIA DE 23 DE FEBREIRO DE 2.007

Na Casa de Cultura de Outeiro de Rei, sendo as doce horas do día vintetrés de febreiro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio Varela Rodríguez, D. José Espiño López, D. Serafín Vázquez Arias, D. Manuel Fraga Martínez, D. Jesús Fernández García, D. Cesáreo Trigo Méndez, D. Xoán Manuel Tubío Fernández, D. Arcadio Lombao Román e D. Manuel Varela Granda, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión aordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS: EXTRAORDINARIA DE 26 DE DECEMBRO E ORDINARIA DE 29 DE DECEMBRO DE 2006.

Ponse de manifesto os membros da Corporación o acta da sesión plenaria celebrada o pasado día 26 de decembro de 2006, cuxa copia se remitiu os Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Intervén o sr. Varela Granda, co gallo de anunciar a súa abstención na votación sobor a aprobación da citada acta, en tanto non asistiu á sesión correspondente.

Sométese a votación a aprobación do citado acta. Realizada a votación, o acta queda aprobada pola unanimidade dos votos emitidos.

Ponse de manifesto os membros da Corporación o acta da sesión plenaria celebrada o pasado día 29 de decembro de 2006, cuxa copia se remitiu os Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación do citado acta. Realizada a votación, o acta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.- EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA: DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DE CAMIÑO EN SAN FÉLIX DE PAZ.

Iníciase o debate coa intervención de don José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, que expón sucintamente os antecedentes do presente expediente, do seguinte xeito:

A execución das obras de ampliación do cemiterio parroquial de San Félix de Paz, requiriron no seu momento a ocupación dun tramo de camiño público municipal que discurría entre a parcela 11 do polígono 110 (sobor a que se ubica a igrexa parroquial) e a parcela 340 do polígono 113 (de titularidade da asociación de veciños



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SAFEPA de San Félix de Paz , inscrita no rexistro de asociacións da Subdelegación do Goberno de Lugo co número 2.176 da sección primeira).

A porción de camiño público municipal perdera a súa afección material, que non formal, ao uso público, en tanto a mellora do entronque do citado camiño coa estrada municipal do vento sur, implicou a realización dun novo trazado polo linde este da parcela 340 do polígono 113.

Non obstante a desafectación material operada pola ocupación, débese proceder á desafectación formal do tramo de camiño ocupado polo cemiterio, mediante a tramitación do procedemento previsto na lexislación correspondente.

A continuación intervén o sr. Varela Granda, voceiro do grupo municipal PSdG-PSOE, e dí que non é a primeira vez que se traen ao Pleno expedientes de desafectación. A postura que mantén nestes asuntos é a de apoiar a súa aprobación, sempre que beneficien ao interese público.

O sr. Tubío Fernández, manifesta o coñecemento da situación do tramo de camiño sobor o que recae o debate, así como a conveniencia de legalizar esta situación.

Remata o sr. Pardo Lombao, agradecendo aos grupos da oposición o apoio á proposta sometida a debate.

Sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“A execución das obras de ampliación do cemiterio parroquial de San Félix de Paz, requiriron no seu momento a ocupación dun tramo de camiño público municipal que discurría entre a parcela 11 do polígono 110 (sobor a que se ubica a igrexa parroquial) e a parcela 340 do polígono 113 (de titularidade da asociación de veciños SAFEPA de San Félix de Paz , inscrita no rexistro de asociacións da Subdelegación do Goberno de Lugo co número 2.176 da sección primeira).

A porción de camiño público municipal perdera a súa afección material, que non formal, ao uso público, en tanto a mellora do entronque do citado camiño coa estrada municipal do vento sur, implicou a realización dun novo trazado polo linde este da parcela 340 do polígono 113.

Non obstante a desafectación material operada pola ocupación, débese proceder á desafectación formal do tramo de camiño ocupado polo cemiterio, mediante a tramitación do procedemento previsto no artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por todo iso, o Pleno da Corporación aproba definitivamente o expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño público que discurre entre a parcela 11 do polígono 6 do Concello de Outeiro de Rei e a parcela 340 do polígono 113, así como a simultánea afectación ó dominio público viario dunha franxa de terreo de cinco metros de ancho a discurrir entre a parcela 340 do polígono 113 e a parcela 341 do mesmo polígono.”



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

3.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE CESIÓN DE TERREOS PARA A SÚA ADICACIÓN Á IMPLANTACIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTOS COLECTIVOS

Iníciase o debate coa exposición por don José Pardo Lombao, en calidade de Alcalde, dos antecedentes do asunto sometido a debate.

En efecto, na zoa 2 de concentración parcelaria da parroquia de Parada, existe unha parcela, a parcela número 6 do polígono 1, que pola súa configuración e ubicación, (linda no seu Este e Sur coa Igrexa parroquial), reúne tódalas condicións para constituir un lugar público de reunión e espacemento colectivo dos veciños dos arredores.

Dita parcela é de titularidade da Xunta de Galicia, en calidade de fondo de terras. En conversa mantida co delegado provincial do Medio Rural, e ao amparo do artigo 31 da Lei de concentración parcelaria de Galicia, acordouse solicitar mediante acordo plenario a cesión da súa titularidade, para permitir a súa efectiva adicación a campo social e permitir a ampliación do cemiterio.

Don Xoan Manuel Tobío Fernández, voceiro do Grupo Municipal do BNG, califica a proposta como interesante, e asegura que dende a consallaría do Medio Rural existe disposición para levala a diante. O seu grupo está dacordo coa proposta sometida a debate, xa que é de xustiza que os terreos procedentes da concentración da zoa beneficie aos veciños.

Pola súa banda, don Manuel Varela Granda, voceiro de grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta a súa conformidade coa proposta debatida, en tanto permitirá aos veciños disfrutar dos terreos aportados á concentración parcelaria.

Asemade, pregunta á Alcaldía se existe algún proxecto de acondicionamento da parcela.

Resposta o sr. Pardo Lombao, que, evidentemente, o Concello de Outeiro de Rei mellorará e acondicionará os terreos, coma sempre fixo nestes casos.

Asegura que se falará cos veciños para ver qué queren que se faga na parcela trala ampliación do cemiterio. A parcela se mellorará, ben habilitándose como campo social, ben construindo un edificio adicado a centro cultural ou social, tan e como existen noutras parroquias.

Recorda que a Consellería de Medio Rural non regala nada, xa que os terreos eran dos veciños, e deben revertir a eles para o seu uso público.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Agradece a disposición do Delegado e a dos grupos políticos da Corporación.

A continuación, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Unha das competencias municipais atribuídas polo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é a de ocio, ocupación do tempo libre.

Esta competencia se traduce, entre outras cousas, na obriga de dotar as comunidades veciñais asentadas sobor o termo municipal do concello, dos equipamentos e dotacións adecuados para o lecer.

Na zoa 2 de concentración parcelaria da parroquia de Parada, existe unha parcela, a parcela número 6 do polígono 1, que pola súa configuración e ubicación, (linda no seu Este e Sur coa Igrexa parroquial, reúne tódalas condicións para constituir un lugar público de reunión e esparcemento colectivo dos veciños dos arredores.

En efecto, a vinculación cultural dos festexos das comunidades parroquiais as igrexas, así como o feito de que na nosa historia, as igrexas constituían o equipamento colectivo por excelencia no que se reunía o vecindario da parroquia, fan do entorno o lugar máis axeitado para a implantación dun campo social ou de uso público.

Asemade, a comunidade veciñal pretende ampliar o actual cemiterio parroquial, de xeito que parte da superficie a ampliar ubicaríase sobor dita parcela número 6 do polígono 1.

O artigo 31 da Lei de concentración parcelaria de Galicia establece o seguinte:

1. Se constituirá un fondo de terras en cada zona que se concentre, que se nutrirá con los sobrantes de las adjudicaciones de los lotes de reemplazo y con toda clase de aportaciones o adquisiciones que por cualquier título se hagan al mismo.

2. Las finalidades fundamentales del fondo de tierras serán:

e) Las mejoras y equipamientos colectivos más amplios.

3. La titularidad de los bienes y derechos que constituyen el fondo corresponderá a la Comunidad Autónoma de Galicia. Estos bienes y derechos quedarán adscritos a la consellería competente en materia de agricultura, que estará autorizada a ejercer las funciones dominicales sobre este patrimonio según lo establecido en la legislación patrimonial, salvo cuando estén atribuidas por dicha legislación al Parlamento o al Consello de la Xunta de Galicia, sin perjuicio del informe previo da la Consellería de Economía y Hacienda para los actos de disposición sobre bienes inmuebles.

4. Se adjudicará al ayuntamiento para su destino a equipamientos colectivos que redunden en beneficio de la mayoría de los propietarios de la zona hasta un



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

máximo de un uno por cento de la totalidad de los sobrantes de las adjudicaciones de los lotes de reemplazo.

En tanto a parcela citada pertence á Xunta de Galicia en concepto de fondo de terras, e o uso prendido polo Concello de Outeiro de Rei para a mesma é a de campo social, (subsumible no concepto de equipamento colectivo), ao amparo do artigo citado, o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, SOLICITA:

- Que pola Consellaría do Medio Rural se ceda ao Concello de Outeiro de Rei, a titularidade dominical da parcela número 6 do polígono 1 (zoa de Parada), coa finalidade de adicala a mellora dun equipamento colectivo preexistente (cemiterio) e a implantación dun novo equipamento colectivo de uso público (campo social).”

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da Corporación dá conta sucinta do contido e alcance da rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

A continuación, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Rectificar o inventario municipal e bens e dereitos, mediante a realización das seguintes inscricións rexistras:

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 30

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 1.5.3

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza patrimonial

Prescrición: industrial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros:

Norte: Rúa interior do sector

Sur: Rúa interior do sector e carretera de Castro

Este: Parcela 1.5.4 propiedade de D. Angel Ceide López e fillos.

Oeste: parcela 1.5.2 propiedade do Concello de Outeiro de Rei.

SUPERFICIE: 2.874,33 m2.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 2.852,48 M2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 31

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 1.2.1

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de dominio público

Prescrición: Zona verde

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros:

Norte: Camiño Público

Sur: Rúa interior do sector

Este: Camiño Público

Oeste: Rúa principal do sector



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SUPERFICIE: 21.543,91 m².

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: -- .

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 32

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 1.2.2

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de dominio público

Prescrición: Uso Dotacional

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros:

Norte: Camiño Público

Sur: Zona verde

Este: Camiño Público

Oeste: Rúa principal do sector

SUPERFICIE: 2.305,98 m².

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: -- .

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 33

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 1.5.2

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben patrimonial

Prescrición: Uso industrial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros:

Norte: Rúa interior do sector.

Sur: Rúa interior do sector.

Este: Parcela 1.5.3., propiedade do Concello de Outeiro de Rei.

Oeste: Parcela 1.5.1 propiedade de D. Abel Paredes Hermida e da sua dona Dª María Regina Sanmartín Pico.

SUPERFICIE: 5.392,11 m2.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 5.351,12 m2 .

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 34



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 1.5.6

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben patrimonial

Prescripción: Uso industrial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros:

Norte: parcela 1.5.5 propiedade de Congelados Sariego S.L.

Sur: Rúa interior do Sector

Este: Rúa interior do Sector

Oeste: Parcela 1.5.4 propiedade de D. Angel Ceide Lóez e fillos.

SUPERFICIE: 2.750,91 m2.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 2.730 m2 .

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 35

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 1.6.2

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben patrimonial



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Prescrición: Uso industrial.

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros:

Norte: Parcela 1.6.3 propiedade de Talleres Torneiro S.A.

Sur: Rúa interior do sector e Carretera de Castro.

Este: Parcela 215 do Catastro, propiedade de Dª Nieves Ferreiro Gómez

Oeste: Parcela 1.6.1 propiedade de Talleres Torneiro S.A.

SUPERFICIE: 1.095,03 m2.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 1.086,70 m2 .

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 36

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 2.2.7

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben patrimonial

Prescrición: Uso Industrial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Lindeiros:

Norte: Rúa interior do sector e Carretera de Castro.

Sur: Rúa interior do sector

Este: Parcela 2.2.6 propiedade de D. Manuel Veiga Carballido e da sua dona D^a Josefa Teijeiro Veiga.

Oeste: Parcela 116 propiedade de Inducentro Inversiones y Desarrollo.

SUPERFICIE: 3.321,00 m².

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 3.295,76 m².

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1^a Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 37

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1^a FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 2.5.1

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de dominio público afecto ao servizo público

Prescrición: Uso dotacional general cementerio.

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1^a FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros:

Norte: Parcela 2.5.2 de zona dotacional.

Sur: Camiño público

Este: Parcela 112 propiedade de D. Abel Paredes Hermida

Oeste: Rúa interior do sector.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SUPERFICIE: 7.706 m2.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: -- .

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA URBANA Nº 38

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 2.5.2

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de dominio público.

Prescrición: Uso dotacional

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros:

Norte: Rúa interior do sector.

Sur: Zona dotacional xeral cementerio de Outeiro de Rei

Este: Parcela 112 propiedade de D. Abel Paredes Hermida

Oeste: Rúa interior do sector.

SUPERFICIE: 2.002,8 m2.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: -- .

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

VIAL Nº 28

OUTEIRO DE REI

NOME:

Viales interiores Polígono CC1-1ª Fase.

NATURALEZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros: Sin Asignación ó tratarse dos viais do polígono.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: pavimentación asfáltica según proxecto de urbanización.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

En trámites de inscrición.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 29

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN SILVARREI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: MONTE DA CRUZ

Lindeiros: NORTE: camiño público; SUR: finca matriz (Rfa. Catastral 27039A080100400000GM); ESTE: parcela 211; OESTE: Parcela 10071.

SUPERFICIE: 47,10 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 3 de novembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 30

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN SILVARREI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: MONTE DA CRUZ

Lindeiros: NORTE: finca matriz (27039A080100400000GM); SUR: camiño público; ESTE: parcela 211; OESTE: Parcela 10071.

SUPERFICIE: 39,40 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 3 de novembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 31

CABOI

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN CABOI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: CABOI. FINCA “RUSTICA, PARCELA B”

Lindeiros: NORTE: camiño público; SUR: finca matriz (Rfa. Catastral: 27039A026005970000GU); ESTE: resto finca matriz que se segrega; OESTE: finca nº 598 de Joaquín Valles Vernet.

SUPERFICIE: 23,85 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 6 de novembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 32

VILELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILELA



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: VILELA. FINCA RUSTICA.

Lindeiros: NORTE: camiño; SUR: parcela catastral nº 76 do polígono 95;
ESTE: camiño; OESTE: finca matriz (parcela 128, polígono95).

SUPERFICIE: 142,24 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 12 de decembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 33

CASTELO

NOME: PORCIÓN VIAL EN CASTELO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CATELO

Núcleo/lugar: CASTELO. FINCA "AGRA DE RIBA".

Lindeiros: NORTE: Adolfo Rey Pardo (finca nº 307) e camiño; SUR:
camiño; ESTE: camiño; OESTE: finca matriz (parcela 308, polígono 2).



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SUPERFICIE: 526,10 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 21 de novembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 34

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS - ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS – ROBRA. FINCA “ REVOLTA” OU “PICOS”.

Lindeiros: NORTE: camiño; SUR: finca matriz (parcela 171, polígono 84);
ESTE: camiño; OESTE: finca matriz (parcela 171, polígono 84).

SUPERFICIE: 409 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 12 de decembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 35



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SAN MARTÍN DE GUILLAR

NOME: PORCIÓN VIAL EN SAN MARTÍN DE GUILLAR

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: San Martín de Guillar. Finca “O Toxal de Abaixo e da Porta” no Agro da Devesa.

Lindeiros: NORTE: camiño; SUR: finca matriz (parcela 281, polígono 68); ESTE: Angel Vila Romay e Jesús Ferrerios; OESTE: María Lourés.

SUPERFICIE: 34 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 21 de decembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 36

MATELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MATELA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Núcleo/lugar: MATELA.

Lindeiros: NORTE: Manuel Cobas Iglesias; SUR: Porción expropiada do camiño de Outeiro de Rei a Castro; ESTE: Juan Carral Fernández; OESTE: Manuel Naval Corral.

SUPERFICIE: 39,30 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 27 de decembro de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 37

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN FRANCO - ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: FRANCO - ROBRA.

Lindeiros: NORTE: finca de labradío donde está a aira de mallar; SUR: Estrada Xeral de Madrid a Coruña; ESTE: Finca matriz (Parcela 207, Polígono75); OESTE: Corredoira da Barciela.

SUPERFICIE: 799,02 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 18 de xaneiro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 38

SAN FÉLIX DE PAZ

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILAR – SAN FÉLIX DE PAZ

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN FÉLIX DE PAZ

Núcleo/lugar: VILAR – SAN FÉLIX DE PAZ.

Lindeiros: NORTE: Hirmáns Puente Rico; SUR: Heredeiros de José Puente Núñez; ESTE: camiño; OESTE: Finca matriz (parcela nº 13, Polígono 89).

SUPERFICIE: 42,09 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 5 de febreiro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 39

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN AS LOMBAS - BONXE

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: AS LOMBAS- BONXE.

Lindeiros: NORTE: FINCA Nº 11 DE Ramiro Fouz Dopacio; SUR: Finca nº 7 de José Francisco Penzol Díaz; ESTE: camiño; OESTE: Finca matriz (parcelas nº 8 e 9 do Polígono 90).

SUPERFICIE: 90,50 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 14 de febreiro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 40

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CORTIÑA DE CARRAL – SILVARREI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: SILVARREI

Lindeiros: NORTE: Fnca matriz (parcela 583 do polígono 79); SUR: Pista a Silvarrei; ESTE: Pista a Silvarrei OESTE: Finca adxudicada a Jesús González González.

SUPERFICIE: 123 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 13 de febreiro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta”

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

5.- MOCIÓN

Dase conta pola Alcaldía do escrito presentado por don Xoan Manuel Tubío e don Arcadio Lombao Román, con data de rexistro de entrada de 21 de febreiro de 2007, para o seu tratamento no presente punto da orde do día.

Iníciase o debate coa xustificación da urxencia por don Xoan Manuel Tubío, baseándose no feito de que é un tema de actualidade, que precisa dun pronto pronunciamento.

O sr. Pardo Lombao, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, acepta a xustificación da urxencia.

Sométese a votación a urxencia da moción. Realizada a votación, a urxencia é declarada por unanimidade dos membros presentes.

O sr. Tubío agradece aos grupos políticos o apoio na apreciación da urxencia do asunto.

Iníciase o debate da moción, mediante a defensa, polo sr. Tubío, da moción do seguinte teor literal:

“XOAN MANUEL TUBÍO FERNÁNDEZ E ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte moción, para o seu debate e aprobación no vindeiro pleno ordinario do 23 de febreiro de 2.007.

MOCIÓN DE APOIO AO PLAN INDUSTRIAL PARA O ESTALEIRO DE FENE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

No ano 1972 Astano era un estaleiro privado con capacidade para 350.000 Tm de aceiro e un plantel de 6.000 traballadores/as.

No ano 1.984 o estaleiro Astano de Fene utilizouse como moeda de cambio en Bruxelas para iniciar a reconversión naval do Estado español e facer posíbel as axudas públicas ao sector dos estaleiros públicos civís do Estado.

Posteriormente, no ano 1987 prohibíuselle a construción de buques, adicándose o estaleiro á fabricación de plataformas off-shore. A prohibición sobre a construción de buques reiterouse con Plano Estratéxico de Competividade (PEC), elaborado polo PSOE no ano 1994 e aprobado polo PP no 1997.

O Goberno podía solicitar o levantamento do veto no 2002.

Logo da catástrofe do Prestige, o Consello de Ministros celebrado en xaneiro de 2003 na Coruña, acordou solicitar da Comisión Europea que erguese as restricións á construción de buques á empresa denominada daquela Izar-Fene. Porreeen, dende agosto de 2.003, despois da entrega da plataforma encargada pola empresa Statoil, as gradas de Fene están valieras e sen carga de traballo propia.

Por último, o 16 de decembro de 2004 asinouse o acordo entre a SEPI e os sindicatos estatais onde Izar Fene se integra en Navantia e no punto 4º se limita a actividade civil durante 10 anos. Asemade, a SEPI, propietaria de Navantia comprometeuse a presentar un plan industrial para a comarca de Ferrolterra, algo que a data de hoxe aínda non fixo.

Por mor deste acordo producíronse 1.400 prexubilacións en Ferrol e Fene, e Navantia Fene quedou con 360 traballadores/as moitos/as deles/as trasladados a Ferrol. Deste xeito Fene, con 800.000 metros cadrados, convértese nunha compañía auxiliar de Ferrol e non nun auténtico estaleiro, que está a realizar bloques para buques militares da antiga Bazán.

No mes de novembro de 2005 a Consellería de Innovación e Industria, ante a falla evidente de ocupación plena do estaleiro de Fene, propuso ao presidente da SEPI a constitución duna comisión para a reindustrialización de Ferrol, proposta que este aceptou.

O 5 de xullo de 2006 constuíuse a comisión formando parte dela as asociacións de empresarios/as da comarca e os tres sindicatos maioritarios. A SEPI decidiu non formar parte da comisión.

O 25 de setembro de 2.006 a consellería convocou unha xuntanza desa comisión, á que a SEPI decide non asistir, e entrega aos axentes sociais un plan de viabilidade para o desenvolvemento da industria naval na ría de Ferrol, un documento aberto ás achegas dos axentes sociais, e que debía concretarse nun plan industrial concreto.

En xaneiro deste ano a Consellería de Innovación e Industria, no marco da Comisión creada a requerimento da mesma, presentou o Plan Industrial para o Estaleiro de Fene, baseado na desafectación de activos ociosos que hoxe existen en Navantia Fene, para poder construír buques civís e crear 250 postos de traballo directos e case 3.000 indirectos nun novo estaleiro. O promotor industrial desta iniciativa é a empresa Hijos de J. Barreras, e o financiamento correría por conta da Caixanova e Caixa Galicia, co cal se demostra que se trata dun proxecto sólido e solvente. En calquera caso, a adxudicación de activos ociosos de Navantia ha de facerse mediante concurso público cos principios de competencia, publicidade e transparencia, pero queda demostrado que existe interese e proxectos serios para construír barcos en Fene.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Ante a consideración de que o sector naval é estratéxico non só en Ferrolterra, senón para o futuro de Galiza, o Goberno Galego e o Parlamento teñen reiterado nas últimas semanas o apoio unánime a este Plan.

É polo que solicitamos do Pleno deste concello a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Comunicarlle á Presidencia e Vicepresidencia da Xunta de Galiza o apoio do Pleno da Corporación Municipal ao Plan Industrial para o Estaleiro de Fene.
2. Instar á Presidencia do Goberno do Estado a
 - Adoptar as medidas precisas que permitan que parte dos activos que no pasado pertencían a ASTANO en Fene poidan ser desafectados pola SEPI e dedicados á construción naval convencional no ámbito civil.
 - Garantir a plena carga de traballo na factoría de Navantia Fene.
 - Presentar de contado o Plan Industrial para Ferrol previsto nos acordos de 16 de decembro de 2.004.
 - Que a SEPI, no suposto de que se adopte algún acordo que poida afectar aos/as traballadores/as de Navantia Fene, garanta sempre que o actual persoal do estaleiro poderá optar por continuar dentro do sector público.
 - Que a SEPI inicie coa Xunta de Galiza o deseño e impulso de novos proxectos de reindustrialización na comarca de Ferrolterra.

Outeiro de Rei, 19 de febreiro de 2.007

Asdo.: xoan Manuel Tubío Fernández e Arcadio Lombao Román”

Engade que, aínda que non afecta directamente ao Concello de Outeiro de Rei, sí afecta a toda Galicia, de ahí que se presente ao presente Pleno.

Fai uso da palabra o sr. Varela Granda, voceiro do Grupo do PSdG-PSOE, que manifesta estar dacordo co fondo do asunto, se ben discrepa nalgúns matices.

Engade que lle parece interesante o Plan presentado por Barreras, e apunta que quen paraliza a execución de dito plan é o acordo asinado no seu día entre a SEPI e a UE. Para que o plan salla adiante, a SEPI debe negociar coa UE a modificación de ditos acordos.

Propón introducir no texto da moción un apartado, no que se exprese o respaldo do Concello de Outeiro de Rei as negociacións coa Comisión Europea sobor ese asunto.

Por último, expresa o apoio á aprobación da moción.

Intervén o sr. Pardo Lombao, que plantexa a discrepancia entre o manifestado polo voceiro do BNG e do PSdG-PSOE, en tanto o primeiro dí que non existe atranco legal para aprobar o citado plan, e o segundo alega a existencia dun acordo da SEPI que o impide.

De novo, o Goberno A e o Goberno B da Xunta de Galicia manteñen liñas distintas de goberno.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Por outra banda, sorpréndelle que no texto da moción, se proponía instar á Presidencia e a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, ¿non son un mesmo Goberno e Administración?. ¿por qué non se introduce, entón, un novo párrafo no que se inste á comunicación á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno Central e a Presidencia e Vicepresidencia da SEPI?.

O texto proposto manifesta, de novo, a existencia de dous Gobernos na Xunta de Galicia.

O Partido Popular está dacordo co desenrolo do Asteleiro e co plan presentado por Barreras, pero pídelle ao PSdG-PSOE e ao BNG que se aclaren sobor a existencia de impedimentos legais ao plan, e ao BNG que simplifique o texto da moción, bastando a instancia á Presidencia da Xunta.

Por último, advirte que o PSdG-PSOE ten que tomar o asunto en serio, xa que no seu momento se negociou mal e agora debe correxirse o erro. Aínda que teme que o actual Goberno sexa incapaz de negociar con Europa.

Volta a intervir o sr. Tubío, que aprecia que existe un acordo no fondo do asunto entre tódolos grupos políticos. E asegura que non existe tal atranco legal, e que todos debemos vogar na mesma dirección sen perderse en demagoxias, xa que éste é un proxecto real de grande transcendencia para Galicia.

Resposta ao sr. Pardo Lombao, asegurando que o feito de que os dous grupos políticos con responsabilidades de Goberno na Xunta de Galicia teñan dúas visións distintas non implica que estén enfrentados, nin que existan dous Gobernos.

Débese entender que un Goberno de coalición non vai a Gobernar como un Goberno pertencente a unha sóa forza política. Son dúas forzas políticas e, consecuentemente, dúas visións distintas da realidade.

Engade o sr. Varela Granda, que asegura que non lle sorprende que o sr. Pardo Lombao aproveite calquer debate para atacar ao PSOE, independentemente do acertado da cuestión.

Por outra banda, dí que é público a desaprobación a UE ao citado Plan, polo que se ratifica na existencia de impedimentos legais.

Asemade, advirte que a presente moción pretende aunar forzas e convencer a que ten que convencer, non é éste o momento de plantexar matices ou votar culpas, senón de apoiar a fondo á autoridade competente para negociar, e trasladar, deste xeito, unha imaxe de respaldo á SEPI ou que vaia a negociar ante a UE.

Por último, anuncia o seu apoio a moción presentada.

Volta a intervir o sr. Pardo Lombao, que asegura que cando a un non lle vai ben, as veces pretende votar balóns fora. O sr. Tubío dí que non existen atrancos legais e o sr. Varela Granda asegura que si. Alguén minte.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Por outra banda, fálase da SEPI como se fose unha entidade independente do Goberno Central, cando é unha sociedade dependente dela. Débese esixir ao Goberno Central que obrige a SEPI a facer o necesario para sacar adiante o proxecto.

Asemade, propón eliminar do texto a instancia a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, xa que xa se insta á Presidencia, e a Xunta de Galicia é unha única persoa xurídica, e é del todo innecesario o facer unha dobre instancia.

O sr. Tubío dí descoñecer o problema que ten o sr. Pardo Lombao para que se comunique o acordo a Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

Respóstalle o sr. Pardo que é necesario gardar as formas, e que carece de sentido dar ao Goberno da Xunta un tratamento distinto ao Goberno Central. En calquer caso, sería moito máis coherente dar traslado á Consellería de Industria.

Asegura o sr. Tubío que a razón é que Vicepresidencia ten asignadas as competencias de relación do institucional co Estado. Os motivos de oposición alegados polo Alcalde son pura demagogia.

O sr. Pardo Lombao califica de estéril o debate en relación ao fondo do asunto, pero, desgraciadamente, é necesario para facer as cousas con certa seriedade. Parécelle lóxico que se inste á Presidencia do Goberno Central e da Xunta de Galicia, así como á Consellería de Industria.

Sinala o sr. Tubío que o debate non aporta nada, e que o motivo de dirixirse a Vicepresidencia é a competencia de relacións institucionais, non é que existan dous gobernos.

Recalca o sr. Pardo Lombao que, cada vez máis, está convencido de que existen dous Gobernos.

En calquer caso, vai aprobar igual a moción, xa que o que lle importa é o proxecto, aínda que lle parecen mal as formas empregadas, e advirte que o texto da moción é moi light, xa que debería entenderse que a SEPI é o Goberno Central, e debería instarse a éste último que obrígase a súa sociedade (a SEPI) a tomar cartas no asunto.

Ao seu pesar, manifesta ter grandes dúbidas de que este plan salla adiante.

Finalizado o debate, sométese a votación o texto da moción transcrito anteriormente.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Dase conta pola Alcaldía do escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular, con data de rexistro de entrada de 23 de febreiro de 2007, para o seu tratamento no presente punto da orde do día.

Iníciase o debate coa xustificación da urxencia por don José Pardo Lombao, baseándose no feito de que é un tema importante e de grande transcendencia para os gandeiros do concello, e que se está a decidir nestes intres

O sr. Tubío, voceiro do Grupo Municipal do BNG, plantexa que, de saberes que a moción ía ser presentada, deberíase remitir unha copia da mesma xunta á convocatoria, para poder contrastar información.

Engade o sr. Varela Granda, concelleiro do PSdG-PSOE, que o plan está xá na súa vía final, en tanto xa se cerrou o prazo de presentación de solicitudes de cuota, polo que a moción é extemporánea.

Sométese a votación a urxencia da moción. Realizada a votación, a urxencia é declarada por unanimidade dos membros presentes.

Iníciase o debate da moción, mediante a defensa, polo sr. Pardo Lombao, da moción do seguinte teor literal:

“MOCIÓN PLAN SECTOR LEITEIRO

D. José Pardo Lombao, Voceiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Outeiro de Rei, en nome e representación do mesmo e ó amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, eleva ó Pleno desta Corporación para a súa aprobación, a seguinte

MOCIÓN

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación acaba de aprobar no Concello de Ministros do pasado 15 de decembro de 2006 un Real Decreto denominado “Real Decreto 1540/2006, de 15 de diciembre, por el que se modifica el Real Decreto 347/2003, de 21 de marzo, por el que se regula el sistema de gestión de cuota láctea, y se crea el Banco Nacional coordinado de cuotas lácteas”, (publicado no BOE do 16/12/2006), que en realidade é o plan lácteo 2006.

Este plan é claramente prexudicial para o sector leiteiro galego e favorece a outras comunidades autónomas.

No plan do 2005 e anteriores o 100% da cota adquirida en todo o estado repartíase entre gandeiros de tódalas CCAA en función duns criterios independentemente da orixe da cota adquirida.

Sen embargo, no “Plan 2006” unha porcentaxe, o 80% da cota, será xestionada polas CC.AA onde se abandone e a outra porcentaxe, o 20%, será xestionado polo Ministerio, para repartir entre gandeiros de tódalas CC.AA.

Con isto rexionalízase o 80% da cota e impídese a redistribución da cota entre os gandeiros independentemente da comunidade na que residan. Isto prexudica



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

enormemente a Galicia porque impide o crecemento das explotacións galegas, as máis dinámicas do Estado, que supoñen en torno ao 53% do total.

Os produtores galegos ven condicionada gravemente a súa competitividade no marco económico no que lles toca traballar, agora non poden acceder a cota nin pagando, daranlle algo de cota ou non en base aos criterios políticos que manexe o PSOE, a través do Ministerio de Agricultura en conivencia co goberno da Xunta (Consellería do Medio Rural=BLOQUE).

Por todo isto sometemos a consideración do pleno o seguinte acordo:

1.- Rexeitar por inxusta e insolidaria con Galicia o Real Decreto 1540/2006, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.

2.- En todo caso, instar:

a.- Ao presidente da Xunta e o Conselleiro do Medio Rural a que defendan con un mínimo de dignidade os intereses do sector leiteiro galego.

b.- Concretamente que se aseguren de que veña para Galicia a case totalidade de ese 20% restante da cota abandonada nas distintas comunidades autónomas.

c.- Que tomen as medidas necesarias para que esta situación de bloqueo á medra das explotacións galegas non se repita nos plans futuros do Ministerio do Goberno Central.

En Outeiro de Rei, a 22 de febreiro de 2.007

Asdo.: José Pardo Lombao, Voceiro do Grupo Popular”

Trala exposición do texto da moción, o sr. Pardo Lombao inicia a súa defensa, afirmando que, se os últimos plans non foron bos, éste é especialmente malo, e parece feito coa exclusiva vontade de perxudicar os intereses de Galicia en beneficio doutras CCAA.

Califica o plan coma intervencionista, e recalca que bordea a legalidade, xa que a cuota láctea se asigna á totalidade do Estado Español, sen faceren distincións entre rexións ou autonomías.

Esquécese que Galicia é unha comunidade con vocación gandeira, e que, ata o momento, o sector desenrolouse mercando a cuota doutras Comunidades Autónomas. A aprobación deste plan lácteo cercena toda posibilidade de crecemento futuro.

O sr. Tubío dí que non ten datos, pero coñece Outeiro de Rei e Galicia, e ten que coñecer as consecuencias que se derivarán da súa aplicación. Creía que o BNG ía defender os intereses de Galicia neste asunto, e non pode deixar de sorprendelhe o feito de que non o faga, agochando a testa ante a proposta de Madrid.

Os plan non debe ser moi bó cando o propio brazo sindical do PSOE, está en contra da súa aplicación.

O sr. Varela Granda dí que a presente moción é extemporánea, pero non pode esquecerse que, coa política errática que ata o momento aprica o PSOE, o plan deste ano non se pareza ao do ano que ven. E aínda estamos a tempo de que o ano próximo teñamos un plan distinto.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Recorda o durísimo golpe que recibiu o sector gandeiro co ingreso na UE por mor da pésima labor de negociación do Goberno socialista, e agora, un novo Goberno do mesmo color, e con unha Ministra Galega, pretende liquidar o sector en Galicia.

Nos están a conducir a unha situación moi mala, no que se plantexa a desaparición da cuota láctea a curto prazo. Ante este panorama deberíamos ampliar as cuotas lácteas progresivamente. Non se pode eliminar limitacións dun día para outro.

Intervén o sr. Varela Granda, voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, que dí que non pensaba que o sr. Pardo Lombao mantivese esa postura sendo gandeiro.

Asegura que o plan do ano 2005 non foi malo, e que, polo menos, e a diferenza de anos anteriores, aprobouse e aplicouse un plan.

Co Partido Popular, a cuota láctea estaba a libre disposición do mercado. Cando entrou a gobernar, o prezo oscilaba entre as 45 e 50 pts. Cando deixou o goberno, o prezo estaba a 140 pts.

O novo plan pretende acabar coa especulación e permitir o acceso a cuota as pequenas explotacións. A proposta que defende o Partido Popular unicamente beneficia as explotacións de máis de un millóns de litros.

Por outra banda, o novo plan non cercena a posibilidade de crecemento do sector, xa que no ano 2005 viu máis cuota para Galicia que en ningún outro ano. E o novo plan seguirá este camiño, xa que do 20% da cuota do Estado, o 90% virá para Galicia. Esperaremos a Abril para saber cánta cuota ven para Galicia con este plan.

O brazo sindical do Partido Popular está en contra do plan do PSOE, pero tampouco pretende voltar á situación anterior. E recorda que outras CCAA, incluídas as gobernadas polo Partido Popular, apoian o Plan, xa que no ano 2005 perderon moita cuota láctea a favor de Galicia.

Asemade, afirma que a cuota láctea deste ano xa ven coas axudas á produción láctea, e que este ano 2007 virá igual ou máis cuota láctea para Galicia que no ano anterior.

Pero aínda así, e por malo que sexa, sempre será mellor que pagar 140 pts o litro.

Toma a palabra o sr. Tubío, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, e dí que a moción está presentada para collelos desprevenidos, e que sería máis sano presentala con máis antelación.

A moción non busca solucionar o problema, busca unicamente atacar ao Goberno, pero non propón solucións concretas.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Non lle cabe dúbida de que o BNG está defendendo con dignidade os intereses galegos, e como proba asegura que, por primeira vez en moito tempo, medra o número de xoves no eido rural Galego.

No que respecta ao presente plan, pregunta ao sr. Pardo Lombo cal é a súa alternativa para garantir que veña para Galicia o 20% da cuota láctea.

O que sucede e que se pretende difundir a imaxe de que antes se defendían o intereses galegos e que, co novo goberno, xa non. Pero recorda que o Partido Popular de Galicia tivo, no seu momento, a responsabilidade de agachar a orella ante as directrices marcadas dende Madrid, aínda en contra dos intereses da terra.

Agora, o PP esixe ao PSOE que faga o que non fixo o PP no seu momento.

Volta a intervir o sr. Pardo Lombao, que expón que, cos plantexamentos do BNG, ratifica que a práctica cotiá dos grupos do BNG e do PSdG ao longo da presente legislatura de presentar a totalidade das mocións a última hora, era coa vontade de coller desprevenido ao equipo de Goberno, xa que o único día nestos catro anos que o fixo así o grupo do PP, o voceiro do BNG alega mala fe.

Voltando ao fondo do asunto, dí esperar que a Conselleira do BNG defenda con máis gañas que ata o momento os intereses dos gandeiros galegos.

Se o PSOE e o BNG non están dacordo co novo plan, poderían presentar unha moción como a presentada para o proxecto de Barreras para Fene. Non obstante, neste suposto se pregaron as directrices do Goberno Central.

Engade que o voceiro do BNG asegura que co Partido Popular a poboación rural foi decrecendo, pero asegura que nos países máis avanzados a porcentaxe de poboación rural fronte á urbana todavía é menor. Non sabe se isto é bó ou malo.

En contesta ao sr. Varela Granda, pregúntalle se coñece algún gandeiro que teña cuota para máis de un millón de litros. Asegura que en Outeiro de Rei non hai ningún.

Asegura aos grupos do BNG e PSOE que nunca evitarán, por máis que o pretendan, que o PP critique a súa xestión cando é mala. Así funciona a democracia, e aínda que non lles guste que se explique aos cidadáns certas políticas perxudiciais.

Recorda que co Partido Popular se regalaba un Kg de cuota por cada Kg comprado. Co Partido Popular se incrementaba a cuota láctea das nosas explotacións. Agora, a ministra dí que as nosas explotacións non necesitan máis cuota. Galicia xa nunca poderá ser unha potencia productora, aínda que teña toda a cuota de España, xa que a cuota estatal é ínfima

A cuota láctea asignada a España non seu momento foi ridícula, e os efectos desastrosos. Agora temos que pagar a supertaxa. E aínda recorda cando dende certo partido político se axitaba a pancarta co eslogan cuota non, supertaxa non.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Asegura que, a diferenza do que lle sucede ao sr. Tubío, nos non necesitamos que nos argumente o partido, xa que coñecemos de primeira man os problemas dos nosos veciños.

Dí o sr. Pardo Lombao que lle costa moito creer que veña para Galicia o 90% do 20% da cuota estatal. Pero aínda así, parécelle que ven moito de nada.

Cando as cuotas estaban no mercado, as explotacións máis dinámicas accedían á cuota, ao tempo que existían líneas de apoio á adquisición.

Advirte que, se a cuota desaparece, o sector afundirase, xa que as explotacións familiares nunca poderán competir no mercado coas grandes explotacións europeas. Os Gobernos teñen que ir tomando medidas para preparar ao sector.

Resposta o sr. Tubío que, cando dí que necesita contrastar información se refería aos pormenores das negociacións, non aos argumentos, que non precisa que llos trasladen dende o partido.

A realidade que pinta o Partido Popular non é realista. A realidade é que a especulación campaba neste eido. Xente que non era gandeira mercaba cuota para revendela e levarse unha porcentaxe da venda. E isto unicamente por poñer en contacto a gandeiros.

Aludía Pardo a que co Partido Popular incrementárase a cuota láctea, pero non foi grazas a ministra, senón as mobilizacións dos gandeiros, que fixeron andar a quen non quería andar.

Facía referencia o sr. Pardo á necesidade de tomar medidas para cando a cuota desapareza, pero todos debemos tomar medidas, e non debemos esquecer que ésta é unha competencia da UE.

Anuncia a súa oposición á moción, xa que unicamente busca o desgaste do Goberno da Xunta e do Goberno Central, pero non presenta argumentos serios.

O BNG está co medio rural e cos sectores productivos, e nega que os países máis avanzados teñan menos porcentaxe de poboación no agro, senón que os países máis avanzados son aqueles nos que existe un meirante equilibrio entre a poboación e a produción. Galicia non se pode comparar con Francia, na que existe latifundismo.

Volta a intervir o sr. Varela Granda, voceiro do PSdG-PSOE, que resalta que non está a ter un debate de gandeiro a gandeiro, senón de político a gandeiro, xa que Pardo non está a falar como gandeiro, senón como político.

Insiste en que, con uns prezos de 140 pts por litro, unicamente as grandes explotacións teñen capacidade para mercar cuota.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Afirma que co PP non existían líneas de apoio á adquisición de cuota, senón unicamente para mercar maquinaria e facer obra. Agora sí que existen estas axudas (liñas A), e recalca que o 90% do 20% da cuota estatal virá para Galicia gratuitamente.

Así se porá fin o crecente endebedamento dos gandeiros galegos, que tiñan que endebedarse para obter cuota, e que lastraba as posibilidades de creceren.

Por outra banda, asegura que foron, precisamente, CCAA gobernadas polo PP que foron forzaron ao Ministerio a establecer un límite do 20% no traspaso da cuota entre CCAA.

Alega que o sr. Pardo Lombao recorda continuamente os perxuizos que implicaron as negociacións de entrada na UE, pero isto non foi fai dez ou doce anos, foi fai vinte anos, en 1986, e agora temos que solventar novos problemas.

Dí o sr. Alcalde que as cuotas poden desaparecer polo ano 2014. Pode que sexa así, pero aínda nos queda moito marxe de tempo para adaptarnos. A día de hoxe, o réxime de cuotas xa non resposta ás necesidades como o fixo no seu día. As cuotas pretendían garantir os prezos, pero a día de hoxe, dubídase da súa efectividade, xa que hai países que non acadan a producir a cuota que teñen asignada.

Por último, para valorar o plan, debemos esperar a ver cuántos litros veñen á Galicia e a qué prezo, pero a bon seguro que xa non será preciso endebedarse.

Resposta o sr. Pardo Lombao, que boa falta fará que non sexa necesario endebedarse, xa que a escalada de prezos das materias primas e a subida dos tipos de interés están a agobiar o sector. E menos mal que temos o Banco Central Europeo, senón a subida de tipos sería desastrosa.

Pódese enganar a alguén unha vez, pero non se pode enganar a todos todo o tempo. A situación actual débese exclusivamente á cuota negociada e asignada á España no ano 1986 (Francia, con sesenta millóns de habitantes, recibiu 20 millóns de toneladas; Holanda, once millóns de toneladas... e España 5 millóns!!).

E fronte a situación actual, a Ministra de Agricultura dí que España non necesita máis cuota. Que lle pregunte aos gandeiros se necesitan máis cuota ou non.

Esta tremenda insuficiencia da cuota asignada é o que provocou que os prezos chegasen a 140 pts, xa que a demanda excede con moitísimo da oferta de cuota.

Este dobre problema: pouca cuota e carísima, unicamente se pode arranxar con unha solución: máis cuota láctea.

Por outra banda, falan na oposición de especulación e existencia de intermediarios, pero invita ao sr. Tubío a que pregunte aos gandeiros sobor se coñecen aos intermediarios dos que fala. No 95% dos casos os gandeiros non mercan a especuladores e, de feito, non coñece a ningún especulador nin ningunha operación que tivera lugar por mediación deles.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Apunta o sr. Varela Granda que a especulación se promove dende as empresas leiteiras.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que as empresas non especulaban, senón que, incluso, facilitábanlle os cartos aos gandeiros para que mercasen cuota.

Volta a intervir o sr. Varela Granda que facilitaban os cartos mediante contratos que amarraban aos gandeiros a dita empresa.

Segundo o sr. Pardo Lombao esas prácticas se realizan con ou sen cuotas.

Engade que os plans anteriores foron acertados, pero insuficientes, e que a Consellaría debe atender as demandas dos gandeiros.

O sr. Varela Granda minte cando dí que co anterior Goberno non existían subvencións á adquisición de cuota, xa que si con cada kg comprado te regalan outro, isto equivale á unha subvención do 50% da cuota.

Alega o sr. Tubío que a moción unicamente busca desgastar ao Goberno, pero o que realmente sucede é que ao Goberno non lles gusta que o desganten. Non lles preocupa realmente un debate demagóxico, o que lles preocupa é un debate no que se poña o dedo na llaga.

Alegan partidismo na presentación da moción, pero esquecen o seu deber de apoiar calquer moción que apoie o sector lácteo. O Partido Popular apoiará calquer moción que inclúa propostas interesantes para Galicia, independentemente do partido que a presente, e quedou demostrado neste Pleno apoiando a moción do Plan Barreras, presentada polo grupo municipal do BNG, e aínda é máis importante para este Concello de Outeiro de Rei esta moción que a dos asteleiros.

Facía alusión o sr. Tubío aos teléfonos que puxo Fraga, pero o actual Goberno leva tres anos gobernando e non deu ningún paso nesta dirección. Critican os teléfonos que puxo Fraga, pero baixo o seu goberno pasouse de nor ter tlf's no eido rural a telos en todas partes. Agora existe o ADSL e a RDSI... ¿a qué espera o Goberno a facer o mesmo?.

Posiblemente o actual Goberno fará neste asunto como fai coa SEPI, deixalo en maos de Telefónica.

Como no cambien moito as cousas, o desgaste que sufrirá o Goberno será enorme.

Por último, invita aos membros da oposición a que poñan os intereses do concello por riba dos intereses dos seus partidos, e apoiem a súa moción.

Sométese a votación a moción transcrita no presente punto.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con oito votos a favor e tres en contra, pertencentes aos concelleiros do PSdg-PSOE e o BNG.

6.- PREGUNTAS

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado por don Xoan Manuel Tubío Fernández e don Arcadio Lombao Román, con data de 8 de febreiro de 2007 e número de rexistro de entrada 414, do seguinte teor literal:

“XOÁN MANUEL TUBÍO FERNÁNDEZ E ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa contestación no pleno ordinario do 23 de febreiro de 2007.

EXPOSICIÓN

Compre lembrar que as obras de eliminación do paso a nivel sen barreiras de Ximarei levaronse a cabo fai dous anos aproximadamente, esta obra foi licitada e sufragada polo ministerio de Fomento, que proxectou un número determinado de farolas na beira da estrada.

No día de onte, pasamos pola estrada que pasa polo paso subterráneo da vía do tren de Ximarei e fomos testigos presenciais de cómo unha empresa eléctrica estaba cargando nunha carroceta, unha das farolas que estaban instaladas nesa estrada. A continuación puidemos comprobar como esa farola era instalada na rúa do centro médico.

No día de hoxe fomos comprobar as farolas que lle faltan a esta estrada, e son sete as que se pode apreciar o lugar que ocupaban, sen se baixar do auto, quitaron unha sí e unha non.

Parcenos insólito que isto poida ocorrer, que nunha obra que non lle custou un peso ao concello, feita e sufragada por outra administración, alguén chegue e decida que o número de farolas que puxeron é moi alto, polo tanto razone:”vounas rarear un pouco, e así poñoas noutra rúa”.

Como reaccionaria o alcalde se a Xunta viñese e decidira que calquer obra ou urbanización que se faga no concello, ten farolas de máis e viñese a quitelas para poñelas noutro lugar?.

A opinión do BNG é que isto é unha auténtica chapuza, polo tanto queremos saber quen é o responsábel desta decisión e que se tomen as medidas correctoras da situación.

Para isto presentamos as seguintes:

PREGUNTAS

1.- Ten coñecemento o alcalde de que quitaron varias farolas, que estaban na estrada do paso subterráneo de Ximarei?.

2.- Sabe o alcalde que estas farolas son as que están colocando na rúa do centro médico?



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

3.- Quen autorizou á empresa que instala as farolas na rúa do centro médico, para que levantara as farolas do paso subterráneo da vía do tren, de Ximarei, para colócalas na citada rúa?

4.- Existe algunha autorización do Ministerio de Fomento, que foi quen fixo e pagou a obra de eliminación do paso a nivel de Ximarei, e polo tanto a que instalou as farolas agora desinstaladas?

5.- Qué medidas vai tomar a alcaldía para restituir as citadas farolas, do lugar de onde nunca deberan de ter saído?

Outeiro de Rei, 8 de febreiro de 2.007

Asdo: Xoán M. Tubío Fernández e Arcadio Lombao Román”

Rematada á lectura do escrito de preguntas, o sr. Alcalde insta ao sr. Secretario á lectura en viva voz do informe de Secretaría de data de 14 de febreiro de 2007, do seguinte teor literal:

INFORME DE SECRETARÍA

José María Vázquez Pita, Secretario do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das funcións que me atribúe o artigo 92.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

No exercizo das competencias en materia de redes de transporte intercomunitarias, a Administración Xeral do Estado executou, no seu día, as obras de eliminación do paso a nivel sobor a vía ferrea que discorre por este término municipal. No procedemento de aprobación do proxecto déuse o debido trámite de audiencia ao Concello de Outeiro de Rei.

O proxecto de obras e, consecuentemente, o contrato de execución das mesmas, contemplaban a modificación de parte do trazado e características da vía pública municipal que cruzaba a nivel dita vía ferrea. Asemade, dito proxecto contemplaba certas obras de iluminación e urbanización básica sobor o viario municipal.

Unha vez recibidas as obras de titularidade municipal polo Concello de Outeiro de Rei, e transcurrido un período de tempo, o Concello de Outeiro de Rei contrata a execución de obras de retirada de determinadas farolas do paso a nivel para a súa posterior colocación noutra vía pública municipal.

Con data de 8 de febreiro de 2007, tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Outeiro de Rei, escrito de preguntas asinado polos concelleiros do grupo municipal do BNG, acerca da retirada polo Concello de Outeiro de Rei de farolas instaladas pola Administración Xeral do Estado nun tramo de camiño público municipal.

Coa finalidade de documentar o informe verbal emitido no seu día por esta Secretaría ao Alcalde no acto de contratación das obras necesarias para acadar dita retirada, o sr. Alcade require a documentación do informe emitido verbalmente no seu



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

día, así como a extensión do mesmo as cuestións de relevancia xurídica que se deduzan do escrito de preguntas presentado.

En base a estos antecedentes, cabe expoñer as seguintes

Consideracións xurídicas

En desenrrolo da Carta Europea da Autonomía Local, o artigo 1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que os municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado, e cauces inmediatos de participación cidadana nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes comunidades.

O mecanismo legal de participación e xestión dos citados intereses é a atribución legal, ou por delegación, de competencias nos mesmos. Así o recalca o artigo 7 do citado corpo normativo, “as competencias das entidades locais son propias ou atribuídas por delegación (.....) 2. as competencias propias se exercen en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade.”

O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das Comunidades Autónomas, en materia de alumeado público.

Asemade, o artigo 26 do mesmo corpo legal, establece que o alumeado público é un servizo básico de prestación obrigatoria en tódolos municipios, con independencia da súa poboación.

Polo tanto, o servizo municipal de alumeado público, debe exercerse polo Concello de Outeiro de Rei de xeito autónomo, sen inxerencia algunha, en termos de oportunidade ou discrecionalidade, polas distintas administracións públicas.

Para a delimitación do concepto de servizo municipal de alumeado público e, consecuentemente, para delimitar o eido de autonomía na súa xestión, debemos acudir ao concepto de titularidade do vial sobor o que recae o servizo, así coma a titularidade mesma das instalacións de alumeado.

Segundo se desprende da documentación obrante nesta Secretaría ao meu cargo, resulta acreditado que o vial sobor o que se presta o servizo de alumeado é de titularidade municipal. Tamén se desprende a titularidade municipal das instalacións, mediante acto de entrega realizado entre o representante da administración estatal e do Concello de Outeiro de Rei.

En virtude dos artigos citados, dende o momento en que as instalacións ou obras debeñen de titularidade municipal, intégranse no correspondente servizo municipal como ben de dominio público afecto a un uso ou servizo público, e réxense, dende ese mesmo momento, pola normativa local reguladora das propiedades e servizos públicos.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O feito de que as obras foran contratadas e, no seu caso, executadas e financiadas por administracións distintas da titular do servizo é de todo punto indiferente. Non ten, nin podería ter, transcendencia algunha sobor o réxime de autonomía local e as potestades nas que se concreta esta autonomía (planificación, organización e xestión dos servizos públicos propios). De non entenderse así, estaríase habilitando un burdo cauce de vulneración da autonomía local protexida constitucionalmente, mediante a simple financiación de obras públicas de incidencia exclusivamente local.

É de sentido común que a execución do Programa Operativo Local pola Deputación Provincial, ou as actuacións de Augas de Galicia, ou da Consellaría do Medio Rural e que inciden de xeito igualmente evidente sobor servizos públicos locais, non implican unha limitación do concello para variar posteriormente as obras públicas de natureza local por unha variación da apreciación dos intereses da comunidade veciñal.

A situación de insuficiencia financeira das entidades locais e a expansión do proceder consistente na execución de obras afectas a servizos de competencia local por outras administracións públicas, dan lugar a que un porcentaxe non despreziable das infraestruturas locais sexan executadas por outras administracións supralocais. De considerar que o concello non podería variar posteriormente estas infraestruturas, estariase asumindo unha limitación progresiva da capacidade de xestión do concello sobor o seu propio territorio.

Esto non implica que non existan mecanismos legais de limitación da potestade da autoorganización dos servizos públicos locais, especialmente nos supostos de financiación dos mesmos por administracións supralocais.

En efecto, mediante o correspondente convenio de colaboración, a administración local pode asumir autónomamente certas limitacións a cambio de financiación. O carácter volutarista e bilateral dos convenios de colaboración garanten o respecto ao principio de autonomía local, ao tempo que constitúen unha fonte de obrigas e dereitos tutelables xurisdiccionalmente.

Asemade, a aceptación de cesións condicionadas implica un límite a afección patrimonial dos servizos públicos, que esixe a constancia clara e inequívoca da condición resolutoria así como a vontade, tácita ou expresa, de aceptación da mesma polo concello.

Neste caso, non existe convenio de colaboración nin condición resolutoria da cesión que impliquen un límite a potestade de autoorganización dos servizos públicos locais, polo que a variación sobrevenida das condicións do servizo debe entenderse lexítima, en tanto recae sobor instalacións de titularidade municipal afectas a un servizo público propio.

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 14 de febreiro de 2007.

O Secretario



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Asdo.: José María Vázquez Pita.”

Remata a lectura, sinala o sr. Pardo Lombao que os membros do BNG deberon presentar o escrito cegados por un erro xurídico. Espera que con este informe xurídico de Secretaría lles quede claro a legalidade do actuar municipal.

Engade que a decisión a tomou o Concello de Outeiro de Rei, por motivos de eficiencia na utilización dos recursos locais, xa que a situación de insuficiencia financeira das entidades locais se engade o feito de que o Goberno da Nación decretou a supresión das tarifas especiais do alumado público, o que representará un incremento do custe de prestación deste servizo de entre un 20% e un 40%. Isto implica redoblar os esforzos de racionalización na prestación do servizo de alumado público.

No suposto concreto, destácase que, fai algúns anos, eliminouse o paso a nivel de Bonxe, executándose un paso subterráneo carente de alumado público. Máis adiante, e estando xa o PP no Goberno da Nación, elimináronse os restantes pasos a nivel. Estas últimas obras viñan dotadas de servizo de alumado público, non excesivo, pero sí con moi altas prestacións, prestacións superiores a de outros puntos do concello que, nembargantes, teñen máis necesidades.

O que se fixo foi quitar parte das farolas dun tramo de vial municipal no que non existen casas, coa finalidade de instalalas noutro punto onde sí existen. Para elo, non se pediu autorización algunha, en tanto, como acredita o informe de Secretaría, non é preciso a súa obtención.

ROGO DO PSOE

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura, en viva voz, do rogo presentado por don Manuel Varela Granda, con data de 23 de febreiro de 2007 e número de rexistro de entrada 556, do seguinte teor literal:

“O concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito ó Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como ROGO, con relación ó punto 7º da Orde do Día do Pleno da data:

O pasado día 15 de Febreiro saíu publicada no BOE a Orde EHA/276/2007, pola que se establece o procedemento para a devolución extraordinaria das cuotas de impostos sobre hidrocarburos, soportadas polos agricultores e ganderios pola adquisición de gasóleo. O procedemento para a devolución das cuotas de dito imposto no período comprendido entre o 1 de Outubro de 2.005 e 30 de Setembro de 2.006 farase por procedemento telemático a través de internet na dirección: www.agenciatributaria.es, con prazo ata o día 15 de Abril do presente ano.

Polo exposto ROGO ó Goberno Municipal informe ós agricultores e ganderios deste Concello desta interesante axuda e facilite ó mesmo tempo os medios humanos e técnicos necesarios para que os nosos vecinos que desexen solicitar dita devolución non teñan que desplazarse fora do Concello para levar a cabo.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O mesmo tempo sería importante que se organizara unha charla informativa sobre temas de interés para este colectivo, como poden ser:

- Plan RENOVE de vehículos agrícolas do Ministerio de Agricultura.
- Proxecto de Lei sobre o Banco de Terras (en trámite).

En Outeiro de Rei, a 23 de Febreiro de 2.007

Asdo. Manuel Varela Granda”

Rematada a lectura do rogo, o sr. Pardo Lombao fai uso da palabra, para tachar de demagóxico e absurdo o rogo, xa que con data de 21 deste mesmo mes, remitiuse as parroquias para a súa exposición pública o seguinte bando:

“D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Ata o 16/04/07 permanecerá aberto o prazo para a solicitude de devolución extraordinaria das cotas do imposto sobre hidrocarburos satisfeitas ou soportadas polos agricultores e gandeiros ó adquirir o gasóleo bonificado para uso agrícola durante o período do 1/10/05 ó 30/09/06.

O Concello de Outeiro de Rei ten á disposición das persoas interesadas un servizo gratuíto para a tramitación destas solicitudes que se presta no local social da A.D.S.G. “Santa Isabel”; os socios e veciños do municipio que desexen facer uso do mesmo deberán solicitar cita previa chamando ós teléfonos 982 393 033 ou 696 32 31 26 (en horario de mañá).

A documentación a aportar para realizar ditos trámites é a seguinte:

- NIF
- Matricula dos vehículos (que utilizaron o gasóleo bonificado)
- Documentación da maquinaria (tipo e número de fabricación)
- Facturación de gasóleo
- Número de conta onde se queira sexan efectuadas as

transferencias das devolucións

Lembrase tamén que o prazo para a presentación da solicitude de pago único remata o día 16 de marzo de 2007.

Outeiro de Rei, 21 de febreiro de 2007.

O Alcalde,”

Rematada a lectura do bando, engade o sr. Pardo Lombao que o servizo ao que fai referencia préstase exclusivamente con medios persoais, materiais e técnicos do propio Concello de Outeiro de Rei.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Alega o sr. Varela Granda que descoñecía a existencia de dito bando, polo que retira a parte do rogo referente á solicitude de devolución do imposto de hidrocarburos (gasoleo), e mantén o texto referente ao plan Renove e do Banco de Terras.

Advirte o sr. Pardo Lombao que este Concello de Outeiro de Rei leva moito tempo apoiando aos gandeiros, porque é consciente que sen o seu apoio o actual equipo non se mantería no Goberno.

Recalca que se deben defender os intereses de tódolos veciños de Outeiro de Rei, e lamenta que nesta sesión, desgraciadamente, viuse como algúns unicamente defenden os intereses de certos partidos políticos.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as catorce horas e dezasete minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.

O Alcalde,

O Secretario,